



Ricardo Carvalho Calero. *O Anxo da Terra*

Henrique Rabunhal, Ed. Galaxia (2020)

Este libro que sobre a figura de Carvalho Calero, nos ofrece o profesor e escritor Henrique Rabunhal, conta a biografía íntima, política, cultural e lingüística dun lingüista e intelectual sobranceiros da cultura galega contemporánea. Sobre ela podemos publicar unha biblioteca enteira. Carvalho é, en si mesmo, un xénero literario. Desde o ano 1931, en que publica o seu primeiro libro en galego, *Vieiros*, e até o momento da súa morte, levou a cabo un traballo crítico, lingüístico, histórico-literario e de creación (narrativa, poesía, teatro).

O libro de Henrique Rabunhal presenta diferentes voces narrativas en primeira persoa, que expresan a visión do autor en diálogo coa súa época, baixo unha ollada subxectiva os máis deles. Así, María, voz narrativa que corresponde á dona de Car-

valho, comeza o seu parladoiro como un monólogo interior «Ricardo pasea pola beiramar da súa cidade coa sensación de ser outra persoa moi diferente a aquel mociño que marchou a Compostela».

Ela e a voz que corresponde ao personaxe de Castelao, talvez sexan as máis emotivas e íntimas.

Ricardo Carvalho Calero, na súa madurez como poeta, filólogo, historiador da literatura, vive un período (1965-1980, prolongado na década seguinte até o falecemento do noso autor en 1990) de cambios importantes, políticos e culturais, así como a publicación dunha obra monumental, con títulos tan significativos como a *Gramática elemental del gallego común* ou a *Historia da literatura galega contemporánea*, a publicación da novela *Scorpio*, ou de poe-

marios tan significativos como *Reticências*.

Aínda así, malia a altura do seu traballo intelectual e creativo, H. Rabunhal deixa ver a marxinalidade, desprezo e silencio en que a cultura oficial tivo á figura de Carvalho: «Sentiuse excomungado e preterido polo mundo oficial, pero moi querido e demandado por asociacións e colectivos».

Nesta obra, H. Rabunhal presenta temas de grande interese, que Carvalho tratou con rigor, como a consideración da literatura galega como aquela que está escrita en galego. Obviamente, unha literatura aparece definida pola lingua

en que está escrita. Tamén a súa preocupación pola representación gráfica da lingua, a defensa dunha normativa galega reintegracionista.

Rabunhal fai un completo traballo de documentación, rigorosísimo na presentación da bibliografía do autor, aínda que el mesmo considere que incompleto. Henrique Rabunhal ofrécenos un traballo rigoroso, como sabemos que é o seu modo de facer, mais necesariamente asequible. Un libro do que pode gozar tanto quen se achegue por curiosidade como quen procure un mellor coñecemento da obra de Carvalho Calero.

Miguel A. Mato Fondo